

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

10395 *Real decreto 848/2015, do 28 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifican determinados artigos do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, introduciu unha nova disposición transitoria, a segunda, e, en consecuencia, renomeouse a disposición transitoria única, que pasou a ser a primeira, na cal se establecían, cunha vixencia temporal de dous anos desde a entrada en vigor do Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, a aplicación de determinadas regras, en lugar dos artigos 3, 4, 13 e 14 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, referidos ás condicións das baixas para a construción ou modernización de buques pesqueiros, a tramitación das solicitudes e as consecuencias sobre a anulación ou modificación do expediente. Todo isto dirixido a flexibilizar as condicións para estes fins e fomentar a reactivación do sector pesqueiro co fin de permitir que os armadores con expedientes que se visen paralizados polas dificultades derivadas da crise económica non perdan os seus dereitos sobre os barcos achegados como baixa.

Este período transitorio foi ampliado por un prazo adicional dun ano mediante o Real decreto 952/2014, do 14 de novembro.

A entrada en vigor da nova política pesqueira común, mediante o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, así como as importantes novidades sobre ordenación e xestión da frota pesqueira introducidas no título II da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, fan necesario revisar en profundidade o réxime xurídico que actualmente se aplica ao sistema de entrada de capacidade na frota pesqueira. Este novo réxime debe permitir a xestión da capacidade fundamentada nunha maior flexibilidade que permita aos armadores e propietarios de embarcacións pesqueiras unha maior facilidade no acceso ás baixas.

Porén, a complexidade técnica da nova normativa que se aplicará, nesta materia, ao sector pesqueiro non fai factible que a súa promulgación se produza con anterioridade á finalización do prazo de aplicación da anteriormente citada disposición transitoria segunda. Por outra parte, o sector pesqueiro solicitou a ampliación do prazo ante as dificultades para encontrar as baixas correspondentes ás súas necesidades.

Dos datos que figuran nos exercicios anteriores e da perspectiva do límite máximo da capacidade pesqueira asignada para España no anexo II do Regulamento n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, despréndese que se pode proceder neste sentido sen afectar con esta medida o cumprimento das obrigacións do Reino de España.

Atendendo á solicitude do sector pesqueiro e considerando que, de non se ampliar novamente este prazo, se produciría un retroceso normativo ao regresar ao sistema inicial regulado no Real decreto 1549/2009, faise aconsellable prorrogar polo prazo dun ano a aplicación temporal das medidas contidas na disposición transitoria segunda do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

Modifícanse o título e o primeiro parágrafo da disposición transitoria segunda do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, que quedan redactados como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Medidas de aplicación temporal por catro anos.*

Cunha vixencia temporal de catro anos desde a entrada en vigor do Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, serán de aplicación as seguintes regras, en lugar dos actuais artigos 3, 4, 13 e 14, salvo os parágrafos introducidos nos artigos 3 e 4 polo Real decreto 790/2015, do 4 de setembro:»

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas oportunas para o desenvolvemento do contido deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA